

***As***  
***espontáneas***

**HISTORIAS DE SAN XOÁN DE RÍO**

**I**

***Miguel García-Fernández***

Este folleto publicouse no 2018 a raíz da conferencia “As espontáneas de San Xoán de Río. Mulleres e liberdade sexual no século XIX”, impartida en San Xoán de Río o 17 de agosto do 2018, a raíz dun convite da Asociación «Río Mola».

Como citar:

Miguel García-Fernández, *As espontáneas. Historias de San Xoán de Río I*, [San Xoán de Río], Asociación Cultural Río Mola; Concello de San Xoán de Río, [2018].

## **San Xoán de Río. Unha historia propia por contar**

O concello de San Xoán de Río conta cun rico patrimonio natural e monumental que merece ser posto en valor. Tamén ten unha historia propia, unha historia de seu, que permanece en gran medida esquecida e pendente de ser contada. Por iso, estas páxinas teñen como obxectivo fundamental recuperar unha parte dese pasado para animar a que todas as persoas nos intereseamos pola nosa historia e as pegadas do pasado coas que compartimos o noso día a día. Aínda que nesta ocasión vou falar dalgunhas mulleres que viviron no noso Concello cara mediados do século XIX, antes quixera facer un brevísimo percorrido por ese pasado no que espero seguir profundando no futuro para dalo a coñecer.

Só con mirar ao noso redor xa podemos atopar distintas pegadas dos homes e das mulleres que viviron nestas terras ao longo da historia. Unha historia que arranca moitos séculos atrás. Neste sentido podemos destacar restos como a espada atopada en 1967 en Mouruás, que hoxe permanece no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Os especialistas sitúana na Idade do Bronce, aproximadamente entre o 1100 e o 900 a. C. (hai uns 3.000 anos!!!).

Tamén quedan distintos vestixios da etapa castrexa, como se pode observar pola presenza de castros que *señorean* desde hai séculos algúns altos da nosa orografía. Porén, máis coñecida é a pegada dos romanos. Por estas terras pasaba a vía XVIII, a calzada romana que unía Bracara Augusta (Braga, Portugal) con Asturica Augusta (Astorga, León). Iso explica que conservemos no Concello distintos miliarios que marcaban as distancias nesa vía. Hoxe pódense ver catro na área recreativa das Guístolas. Seguindo a vía XVIII e marcando o límite ou, talvez mellor dito, o punto de unión co actual concello da Pobra de Trives, está unha ponte que deu nome ao lugar – A Ponte– e que, a pesar de ser refeita en distintos momentos posteriores –o que supuxo cambiar o seu trazado e estreitala– ten a súa orixe na época romana. Igual que a non moi afastada ponte Bibeí, aínda hoxe en pleno uso. No caso da Ponte, estamos ante un patrimonio compartido entre concellos que, lamentablemente, vese actualmente deteriorado pola maleza e o abandono. É un dos grandes retos que concellos como o noso, feridos polo despoboamento, debemos afrontar: recuperar, conservar e poñer en valor o noso patrimonio.

Pero non só de romanos se nutre o noso pasado. Ás veces esquecemos que os mil anos que viñeron despois, eses que van desde o século V até o século XV aproximadamente, a chamada Idade Media, non foi un período tan escuro como nos din en tantas ocasións. Por aquel entón seguiron vivindo e traballando, tamén festexando e rezando, os homes e mulleres que estaban asentados no territorio do noso concello. Na documentación medieval, a nosa zona aparece enmarcada dentro de

dous grandes marcos territoriais ou xeo-políticos: as *terrae* de Caldelas e Trives. Moitas veces ambas “terras” compartiron os seus gobernantes, os chamados *tenentes*, que exercían o poder público na zona por delegación dos monarcas. Máis tarde, estes territorios pasarían ao control de familias aristocráticas como os señores e condes de Lemos.

Por suposto, igual que hoxe, a Igrexa tamén tivo importantes dominios pola zona. De feito, en 1150 chegouse a un acordo polo que o río Navea marcaría o límite entre as dioceses de Ourense e de Astorga. E, aínda que esta última quedaría con igrexas como a de San Xoán de Camba, San Pedro de Caldelas e San Pedro de Navea ata mediados do século XX, a diocese de Ourense faríase co control do territorio situado ao norte do Navea, incluíndo a zona de Río.

Por outra parte, no espazo que hoxe abarca o noso Concello, os dous grandes mosteiros da zona –o bieito feminino de San Salvador de Sobrado de Trives e o cisterciense masculino de Santa María de Montederramo– tiveron algunhas propiedades durante a Idade Media. De feito, na documentación de Montederramo atopamos mencións explícitas a *Sancte Marie de Castrello* ou á *ecclesiam Sanctj Johannis de Río*, é dicir, a igrexa de San Xoán de Río (ACOu, *Pergamiños monacais*, 1735), ademais de varias noticias sobre Mouruás, como o foro concedido ao matrimonio formado por Xoán Seoane e Marina Domínguez polo que recibiron un casar en *Muruuas, su signo de Seohane de Rrío* (ACOu, *Pergamiños monacais*, n.º 2731). Entre os documentos de San Salvador de Sobrado, quixera destacar o testamento dun aristócrata, Fernán Eáns de Robreda, outorgado en 1372 (ASPA, *Pergamiños*, caixon 4, mazo 2 B, 60 [mazo 5, n.º 36]). Nel aparecen varias mencións ás propiedades que o testador tiña na zona e que lle doou ás monxas de Sobrado de Trives. En concreto fai referencia á *herdade de Moyroââs et ho casar das Gýstolas et o casar de Rrío*. É a primeira mención que atopei ás Guístolas, o meu lugar de orixe.

Se seguimos avanzando no tempo, as fontes para reconstruír o pasado das mulleres e homes que viviron na nosa terra increméntanse. A Época Moderna (séculos XVI ao XVIII fundamentalmente) legounos un amplo número de documentos que se conservan en distintos arquivos. Se queremos reconstruír algún día ese pasado, deberemos acudir a eles. Por exemplo, deberemos visitar o Arquivo Diocesano de Ourense, onde se conservan diversos libros de bautismos, de casamentos e de defuncións. Tamén o Arquivo Histórico Provincial de Ourense, onde seguramente aparecerán informacións de utilidade dentro dos libros de notarios do distrito de Trives, sen esquecer o Catastro de Ensenada do que falarei a continuación. E, por suposto, a xente do pasado tamén preiteou. Ao parecer moito. Por iso, seguramente localizaremos moita información en fondos do Arquivo do Reino de Galicia e do Arquivo da Real Chancelería de Valladolid. Por exemplo, neste último atopei dous preitos de 1590 nos que Francisco López de Domecelle e Gabriel Rodríguez, tamén de Docemelle, reclamaban non ter que pagar impostos por ser fidalgos, polo tanto, non peiteiros (ARCHVa, *Registro de Ejecutoriais*, C. 1659, 31; C. 1662, 27).

De todos modos, unha das fontes máis ricas para coñecer o noso pasado durante o século XVIII é o *Catastro de Ensenada*. A través desta fonte –fundamental para os modernistas– pódese saber moito sobre as terras e as xentes do Concello a mediados desa centuria: os límites parroquiais, que tipo de produtos eran cultivados, que árbores conformaban a nosa paisaxe, quen *señoreaba* estas terras... Así como canta xente vivía en cada casa, a que se dedicaban, que idade tiñan, etc. Sen dúbida, noutra ocasión será necesario profundar nesta fonte, pois ofrece un achegamento inmellorable ao noso pasado.

E xa, conforme avanzamos polos séculos XIX e XX, as fontes documentais sobre o noso Concello aumentan de forma notable, sendo moitas as preguntas que lles podemos facer para tratar de coñecer mellor como era a organización político-relixiosa do Concello, como viviron as súas xentes os procesos migratorios –cara América, cara Europa e tamén cara outras partes do Estado español–, as consecuencias da Guerra Civil, a evolución demográfica, etc.

A modo de apunte sobre o que podemos atopar nesas fontes transcribo un documento do 24 de outubro de 1876 (AHN, SIGIL-TINTA\_ORENSE, 14, N.74), no que se nos relata o seguinte:

En tiempos antiguos la parroquia que da nombre a este distrito [Río] no estaba unida con las demás que hoy la componen, era del todo independiente, el nombramiento de juez era de competencia del Señor Marqués de Castelar (...), mas en el año 1820 desapareció esta prerrogativa y perteneció la parroquia entonces llamada coto, al ayuntamiento de Sas de Penelas hasta tanto que, suprimido este, se formó el de Río y se edificó y usó hasta 1872 el sello que queda estampado.

E, precisamente, esta fonte permítenos coñecer ese cambio do selo do concello:

En el año de 1872 la corporación acordó adquirir un nuevo sello cuyo emblema fuese un castillo como memoria de uno que en tiempos antiguos existió en la parroquia que da nombre a este distrito, conocido con le nombre de Torre Vieja, apoyada además en que el emblema del que se usaba era el mismo del parroquial.

Efectivamente pasou de usarse o selo co *Agnus Dei* a outro coa representación dunha torre (AHN, SIGIL-TINTA\_ORENSE, 14, N.74):



Sirvan estas breves consideracións para sinalar que temos un Concello cunha rica historia propia que, porén, aínda está por contar. Para tratar de ir remediando isto, comezaremos por contar nesta ocasión unha historia, a dunhas mulleres do noso Concello que sempre serán recordadas como as *espontáneas*, mulleres que (espontaneamente?) decidiron ou foron obrigadas a comparecer ante as autoridades públicas para declarar que, sen estar casadas, estaban embarazadas. Unha situación considerada anómala dentro dunha sociedade que, cando menos oficialmente, só entendía a pertinencia da maternidade dentro do matrimonio.

Coñezamos, pois, a súa historia e recuperemos a súa memoria.

### **As espontáneas. Entre a liberdade sexual e o control municipal**

No Arquivo Municipal de San Xoán de Río (Caixa 372, carpeta “Curiosidades non clasificadas” (1845-2000), carpeta “Expediente das espontáneas”) conserváronse vinte e sete expedientes con “espontaneos” situados cronoloxicamente entre 1847 e 1852. Aínda que non se trata dun caso único, pois teñen aparecido diversos expedientes desta natureza en lugares como A Coruña e Ferrol –estudados recentemente por Ana Romero Masiá (2017)– e tamén nas provincias de Pontevedra e Lugo, polo momento son os únicos que teño localizados para a provincia de Ourense. Máis alá do curioso que resultan moitos dos detalles que se ofrecen nos expedientes, trátase dunha fonte excepcional para seguir avanzando no coñecemento das mulleres galegas do Antigo Réxime (Ria García, 1999; Rey Castelao e Rial García, 2010) e incluso do século XIX e, moi especialmente, na historia dunha ilexitimidade que contaba cunhas taxas bastante elevadas na Galicia interior do Antigo Réxime e que, precisamente, parece que viviron unha fase de crecemento durante a primeira metade do século XIX (Dubert, 2015).

Pero, que significaba “espontanearse”? En liñas xerais, o “espontaneo” sería un costume legal de Galicia que implicaba que as mulleres solteiras e as viúvas –é dicir, aquelas que non estaban casadas nese momento– debían comparecer ante a xustiza ou as autoridades públicas para declarar os seus embarazos. Sobre a non excepcionalidade deste procedemento advertía en 1787 Vicente Vizcaíno Pérez, fiscal da Real Audiencia de Galicia, que *son demasiado frecuentes en este Reyno de Galicia las causas que en él llama de Espontáneas, desconocidas en otras provincias, pero no en nuestro Derecho*.

Estamos ante un exemplo máis das habituais tentativas de control sobre a sexualidade (extraconxugal) feminina e o seu corpo que se deron nas sociedades do pasado e que aínda hoxe provocan arduos debates. Para outro autor do século XVIII, Francisco Somoza de Monsorriu, a finalidade destes procesos resultaba evidente. Así o declara na súa obra *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia* de 1775: *lleva por objeto la*

*precisa conservación del fruto porque muchas de estas mugeres para no hacer públicos sus deslices o porque les faltan los haveres para las comunes gratificaciones emprenden la tragedia más detestable.* É dicir, as autoridades apostaban por esta práctica do “espontaneo” porque estaban especialmente interesadas en evitar os abortos nos que poderían desembocar estes embarazos extraconxugais no caso de manterse en secreto.

Para moitas mulleres, “espontanearse” podía resultar beneficioso. Presentábanse ante as autoridades para declarar o que podía ter sido un erro puntual, unha relación froito do engano ou o resultado dun ataque, e, desta forma, conseguían evitar ou conter xuízos morais especialmente duros contra elas no marco dunha mentalidade colectiva que podía marcar moi negativamente a súa reputación. Así, podían apelar á comprensión social e evitar acusacións de ser mulleres lascivas ou viciosas, e incluso quedar á marxe da sospeita de se exercían a prostitución de forma encuberta. Ademais, coas súas declaracións tamén lograban evitar condenas penais ou destellos aos que se podían ver sometidas por estes embarazos fóra do matrimonio.

Cronoloxicamente, os vinte e sete expedientes conservados en San Xoán de Río correspóndense con: oito de 1847; sete de 1848; un de 1850; cinco de 1851, e seis de 1852.

Nesta breve aproximación ao tema –pois espero seguir investigando sobre el no futuro con máis profundidade–, tratarei de dar a coñecer a información máis relevante que nos ofrecen estes expedientes. Xa de partida cómpre sinalar que son expedientes breves. A maior parte das veces constan dun único folio. Pero, que informacións nos ofrecen? Que preguntas e datos quedaron rexistrados en cada un deles?

Máis alá de sinalar o lugar e día de comparecencia das “espontáneas”, as preguntas que se lles formulaban eran basicamente as seguintes: estaban realmente embarazadas como así o parecían indicar os seus ventres avultados? De canto tempo estaban embarazadas? Quen foran os seus “danantes”? Con que motivo aceptaron manter relacións sexuais extraconxugais con eles? Nestes interrogatorios resulta interesante ver a caracterización dos homes cos que terían mantido relacións sexuais sempre como *dañantes*, ao implicar, no fondo, que se consideraba ás mulleres fundamentalmente como vítimas, como persoas débiles que se vían sometidas, enganadas ou arrastradas polos homes, nunha clara visión paternalista. Pola contra, non se contempla, *a priori*, a iniciativa feminina. Sen dúbida, isto tamén pode animar á reflexión sobre ata que punto as mulleres puideron aproveitar eses discursos patriarcais que as atacaban e que, ao mesmo tempo, querían protexelas por consideralas seres débiles, para presentarse elas mesmas sempre como vítimas e, daquela, evitar xuízos morais contra os seus comportamentos. En todo caso, cómpre lembrar que as fontes só nos permiten mirar parcialmente cara o pasado e non sempre é posible clarificar nin os porqués, nin os sentimentos e actuacións de moitas destas mulleres e homes de antano.

Tras o interrogatorio propiamente dito, as autoridades públicas procedían a poñer ás “espontáneas” ou “espontaneadas” baixo a tutela dalgún familiar ou membro da comunidade co obxectivo de garantir o cumprimento daquilo que xa sinalaba Francisco Somoza: evitar un aborto. Posteriormente, o expediente remataba coa aceptación da titoría e as sinaturas das testemuñas.

Poden verse catro exemplos destes expedientes na breve selección documental que incorporo ao final do traballo (*infra*). De todos modos, nas seguintes páxinas vou ofrecer unha panorámica xeral sobre a experiencia destas mulleres que habitaron en distintos lugares do concello de San Xoán de Río a mediados do século XIX para recuperar a súa memoria; a memoria dunhas mulleres que, no fondo, só viviron un século e medio antes ca nós.

Se ben a teoría do “costume legal” do que nos falan os autores do século XVIII e incluso o nome de “espontaneos” cos que aparecen nomeados estes expedientes parecen facer referencia a que as mulleres comparecían voluntariamente ante as autoridades para declarar a súa preñez, sería así en todos os casos? Ou é posible pensar que algunhas mulleres solteiras ou viúvas serían obrigadas ou sometidas a presión para “espontanearse” unha vez que os seus ventres crecían e era público e notorio o embarazo?

Algúns expedientes mostran claramente que certas declaracións foron feitas voluntariamente. De feito, consta que *se presentó voluntariamente Silvestra Pérez, moza soltera y vecina del lugar y parroquia de Santa María de Villerdá, la que manifestó hallarse en el estado de embarazada*. Neste mesmo sentido compareceu *Vicenta Núñez del Acibeyro, de la parroquia de Cerdeira, de esta Alcaldía, quien me manifestó voluntariamente [que] se hallaba embarazada* (véxase doc. 1, *infra*).

Porén, noutros casos xa non estou tan seguro. É o que sucede con Francisca Vázquez, moza solteira e veciña das Guístolas (véxase doc. 2, *infra*). Desta muller dísenos no expediente que, *preguntada si es cierto que se halla embarazada, declara que no se halla en tal estado. Y preguntada cuál es la causa de tener un vientre tan crecido, declara...* É dicir, neste caso a “espontaneada” comparece pola sospeita que xorde ante o seu ventre avultado, pero ela nega estar embarazada. Daquela, trataríase dunha comparecencia voluntaria ou “presionada”? Neste último sentido aínda resulta máis claro o caso de Antonia Durán, orixinaria de San Clodio de Ribas de Sil, pero que escapara de alí para refuxiarse en Medos. O alcalde de Río, don Pedro González, animado por un oficio enviado polo alcalde do concello veciño de San Clodio, encargou en 1847 que *inmediatamente pase un alguacil de esta audiencia a casa de José González de Medos de esta Alcaldía y reconozca si en ella se halla la persona de Antonia Durán, mencionada en dicho oficio*. No caso de atopala alí, José González e Antonia deberían presentarse *en esta audiencia a la una de la tarde del día diez, é dicir, ao día seguinte*. Efectivamente así aconteceu. Daquela, o que parece evidente, neste caso, é que a comparecencia de Antonia distou moito de ser voluntaria e espontánea.



Aínda que xa citei algúns nomes, vexamos agora a identidade destas mulleres máis detidamente. En primeiro lugar, vou citar a aquelas que recoñeceron estar embarazadas. Foi o caso da maioría das mulleres que compareceron ante o alcalde e o secretario de San Xoán de Río.

No caso dos expedientes de 1847 falamos de mulleres como: Feliciano Caneda, moza solteira de San Xulián –que daquela figura na documentación como pertencente á parroquia de Río–, a cal declara o 15 de xaneiro e di que mantivo relacións a mediados de agosto, polo que estaría embarazada duns 5 meses; Rosa Pérez, de Lampaza, embarazada de 3 meses e medio; Antonia Domínguez, do Regueiro (Castrelo), de 4 meses; Vicenta Núñez, do Aciveiro, de 6 meses; a citada Antonia Durán, solteira do Pombar (San Clodio de Ribas de Sil), pero fuxida a Medos, cun embarazo de 5 meses; e Margarita Fernández, moza solteira de Domecelle, que estaba de 8 meses.

Os expedientes de 1848 nos que se confirman os embarazos corresponden a: Manuela Álvarez, solteira, de Cerdeira, embarazada de 5 meses; Henrica Rodríguez, tamén solteira de Cerdeira, embarazada, así mesmo, de 5 meses; Tomasa Pérez, solteira, de Mouruás, de 4 meses (véxase doc. 3, *infra*); María Rouca, solteira, de San Fausto, pero residente en Vilardá, que estaba xa de 8 meses; Silvestra Pérez, solteira, de Vilardá, de 5 meses; e Catalina Álvarez, solteira, de Vilariño (Castrelo), de 7 meses.

Nos expedientes de 1851 compróbase o embarazo das seguintes mulleres: Francisca Álvarez, solteira, do Reboledo, de 6 meses; Margarita Pérez, solteira, da Cerniza, de 4 meses; Ana Rodríguez, viúva, do Aciveiro, de 4 meses; Benita Rodríguez, solteira, de Val de Miotos (Castrelo), de 8 meses; e Manuela Pérez, tamén de Val de Miotos, de 5 meses.


Xa no último ano documentado, 1852, os expedientes corresponden a: Antonia González, solteira, de Acevido (de Argas), cun embarazo de 7 meses; Ramona Gómez, viúva, do Reboledo, de 5 meses; dona Manuela Caneda –moza solteira que é a única cuxo nome aparece precedido por un *dona*–, do Outeiro (Seoane de Argas), de 4 meses (véxase doc. 4, *infra*); Cecilia Diéguez, solteira, de Seoane de Argas, de 6 meses; María Álvarez, solteira, de Silvestre de Argas, de 8 meses; e, finalmente, Magdalena Álvarez, solteira, da Fonte (As Cabanas), cuxo embarazo xa estaba no sexto mes.

Todas as mulleres anteriormente citadas recoñeceron ante as autoridades estar embarazadas. De todos modos, algunhas outras procederon a manifestar a súa dúbida sobre se estaban ou non embarazadas. Como é fácil supoñer para aquela época, sobre todo nos primeiros meses podía existir a sospeita pero non ter a certeza absoluta. Só o tempo o permitía confirmar. En 1847, Rosa Álvarez, solteira, de Cerdeira, sinala que *no conoce en su cuerpo más señal que la de habersele detenido su regla, aunque confiesa haber tenido acceso carnal con un mozo soltero ya hace cuatro meses*. Nese mesmo ano, Margarita Pérez, solteira, de Val de Miotos, someteuse a dous interrogatorios. No primeiro declarou que *ha tenido tan solo una vez acceso carnal con un varón, mediando desde aquel entonces ya el espacio de cinco meses pero que no puede asegurar, si se halla embarazada o no*.

Porén, cando unhas semanas despois volveu comparecer e declarar xa se confirma que *es cierto que se halla embarazada de seis meses largos*. Tamén en 1850, no único expediente conservado para ese ano, Dominga Álvarez, moza solteira da Teixeira (As Cabanas), manifestou que *no sabe ciertamente si se halla embarazada, aunque es cierto que ha tenido aceso carnal cun veciño seu chamado Andrés*.

Finalmente, quédame por sinalar un último caso. Trátase do máis peculiar e pode lerse integramente no doc. 2 da selección documental que ofrezco ao final. A “espontánea” que o protagoniza é a xa citada Francisca Vázquez, moza solteira das Guístolas. Como xa se indicou, trátase dunha muller que negou con rotundidade estar embarazada. Porén, parece que o seu ventre estaba efectivamente avultado. Daquela, ante a pregunta do motivo dese avultamento, Francisca respondeu de forma un tanto sorprendente que *va a hacer un año que le andaba su regla, y habiendo comido un poco de pulpo en este estado, se le detubo, y aún no le volvió hasta hoy día*. Sen dúbida, resulta unha resposta do máis orixinal. De todos modos, *desconfiando de tal vientre*, José González, alcalde de Río, entregoulla á súa mai, Josefa Rodríguez, para que *a cele, vigile, y repare de su hija, a fin de que no eche a perder la prole, si acaso la abriga en su vientre y para que de ocho en ocho días se presente ante dicho Sr. Alcalde*.

En definitiva, os expedientes das “espontáneas” de entre 1847 e 1852 están protagonizados por mulleres que residían en distintos lugares do concello de San Xoán de Río e que responderon, voluntaria ou non tan voluntariamente –non resulta sinxelo clarificalo–, ás preguntas que as autoridades do Concello lles formularon respecto aos seus embarazos ou “sospeitosos” avultamentos de ventre.



Pero máis alá das mulleres, esta é en gran medida unha historia de dous. Como xa indiquei, entre as preguntas que se lle formulaban ás “espontaneadas” estaba a da identidade dos “causantes” dos seus embarazos: os “danantes”.

Respecto a isto cómpre advertir, xa de partida, que, como era de esperar, a inmensa maioría dos homes aos que fan referencia as “espontáneas” eran da zona. A existencia dunha proximidade física cotiá explica que se produciran estes encontros sexuais extraconxugais que, nalgúns casos, darían lugar a embarazos. Obviamente resulta imposible saber a frecuencia desta realidade e incluso o éxito de posibles prácticas contraceptivas ou abortivas.

Centrándonos nos casos documentados nos expedientes examinados, cómpre citar a proximidade entre estas mulleres e homes en exemplos como os de: María Rouca, residente en Vilardá, que sinala como “responsable” a Lucas González, tamén de Vilardá; tamén comparten lugar Henrica Rodríguez e o seu *dañante* Antonio Álvarez, ambos de Cerdeira; Dominga Álvarez e Andrés González, ambos da Teixeira (As Cabanas); Magdalena Álvarez e Francisco de Alva, ambos da Fonte (As Cabanas); ou Margarita Pérez e Baltasar López, ambos da Cerniza. Ás veces a distancia é mínima aínda que os lugares de procedencia sexan distintos. É bo exemplo disto dona Manuela Caneda, do Outeiro, que sinala como responsable do seu embarazo a Juan Rodríguez, de Casdelope, lugar que distaba apenas 500 metros do Outeiro.

En ocasións a distancia é maior, pero seguen sendo homes e mulleres do propio concello de Río. Así se comproba en casos como os de Tomasa Pérez, de Mouruás, que sinala a Lucas Quintela, do Reboledo; Cecilia Diéguez, de Seoane de Argas, que nomea a Ramón Álvarez, das Cortes; ou María Álvarez, de San Silvestre de Argas, que declara que o responsable do seu embarazo sería Francisco González, das Cortes. Un caso algo máis peculiar é o de José Carlos Álvarez de Cerdeira. Este home aparece sinalado por dúas mulleres como responsable dos seus embarazos, ambos en 1847. Unha delas foi Vicenta Núñez, do Aciveiro, e a outra Margarita Fernández, de Domecelle.

De todos modos, ás veces os “causantes” eran homes de fóra do concello, aínda que, igualmente, de áreas próximas. Vémolos en exemplos como os de Ana Rodríguez, do Aciveiro, que fai referencia a Domingo Fernández, solteiro, de San Pedro do Burgo (Castro Caldelas); Manuela Pérez, de Val de Miotos, que nomea a José Rodríguez, da Pola (Trabazos, Castro Caldelas); Catalina Álvarez, de Vilariño (Castrelo), que sinala a Juan Álvarez, da Veiga (Castro Caldelas); ou Antonia González, de Acevido, que tería mantido relacións sexuais con Santos das Pontes de Torbeo (Ribas de Sil). Finalmente, Rosa Álvarez, de Cerdeira, declarou que *su dañante fue Nicolas Álvarez mozo soltero de las Peñas de Navea* (A Pobra de Trives).

Algúns casos presentan algunhas particularidades. Por exemplo, Rosa Pérez, de Lampaza, declarou que *su dañante fue Andrés cuyo apellido ignora, quien según a ella le dijo es natural de la ciudad de Santiago*. Posiblemente trataríase dun home que pasaría pola zona, aínda que ignoramos calquera outro dato sobre a súa identidade. Por outra

banda, Ramona Gómez, moza viúva do Reboledo, sinalou que *su dañante fue su primo Donato Álvarez, quien la sedució por palabras de casamiento*. Sen dúbida, este exemplo debe servirnos para recordar que nas sociedades do pasado as relacións matrimoniais entre primos non eran de todo excepcionais. Igual que noutras moitas cuestións, os costumes mudaron e por iso non podemos mirar cara o pasado cos ollos e a mentalidade do presente.

Fronte aos casos anteriores, quero sinalar outras declaracións nas que as “espontáneas” decidiron encubrir o nome da persoa coa que mantiveron relacións sexuais. Margarita Pérez recoñeceu o seu embarazo de 6 meses longos *sin que quisiere descubrir su dañante*. Neste mesmo sentido, Manuela Álvarez tamén declara estar de 5 meses, *sin que descubra su dañante y el protesto (sic) con que la engañó*. Así mesmo, Benita Rodríguez, da parroquia de Santa María de Castrelo, confirma estar *de ocho meses sobre poco más o menos, pero sin que quiera manifestar su dañante y por que causa se sujetó a él*. Un matiz diferente parecen mostrar dous casos nos que figura igualmente a negativa das mulleres por sinalar a un responsable. Francisca Álvarez dixo que *no declara el dañante porque no le acomoda el manifestarlo* e, máis sospeitosamente, Silvestra Pérez, de Vilardá, di que *no descubre su dañante, mediante no le es conveniente hacerlo*. Esta peculiar declaración fai que nos preguntemos se non é lícito sospeitar se ese home podía ser algún home casado, da igrexa ou un personaxe acomodado.

En todo caso, outro cariz presentan dúas declaracións que nos levarán a abordar a cuestión dos porqués destes embarazos ou, máis concretamente, os motivos que levaron a estas mulleres a manter relacións sexuais á marxe do matrimonio nunha sociedade na que iso estaba mal visto. En 1847, Feliciano Caneda declarou *que se hallaba enbarazada desde la mediada del mes de agosto del año último pero que no conoció el dañante*. Incluso as autoridades falan da súa *resignación* ante a situación. Nese mesmo ano, Antonia Domínguez confirmou o seu embarazo de 4 meses *pero que no sabe cual fue su dañante mediante que no le conoció*. Este descoñecemento dos “danantes” non parece facilmente explicable salvo se pensamos en dúas posibles violacións. Neste sentido, cómpre sinalar que, noutros lugares de Galicia nos que se conservan “espontáneos”, aparecen referencias e relatos explícitos sobre violacións, que serían declaradas como forma de salvagardar o honor ante situacións dramáticas desta natureza que convertían ás mulleres en vítimas da violencia masculina, incrementada, ademais, pola dificultade que suporía para elas quedar embarazadas despois destes ataques.

Que outros motivos declaran as “espontáneas” nestes expedientes para ter aceptado manter relacións sexuais extraconxugais? A maioría das declarantes fan referencia ás promesas matrimoniais. En previsión de casar, terían aceptado participar nunha sexualidade previa ao matrimonio que quedaría regularizada e lexitimada *a posteriori* por medio dun casamento. Tampouco hai que esquecer, neste sentido, que, durante o Antigo Réxime, as promesas de matrimonio incumpridas deron lugar a numerosos preitos por parte das afectadas e das súas familias co obxectivo de que finalmente tivera lugar o enlace matrimonial. Aínda que a obrigatoriedade de cumprir ditas promesas de casamento –o que sería visto como

unha forma de reparar o dano– foi desaparecendo a finais do século XVIII (Dubert, 2015: 68-69), é posible que a invocación das “espontáneas” de San Xoán de Río de ter sido vítimas destas “palabras de casamento” aínda estea vinculada á expectativa de que puidera ter lugar o enlace. E incluso talvez por iso, os casos nos que non se quixo ou non acomodaba declarar o “danante” poderían ter que ver coa imposibilidade real de que puidera efectuarse un matrimonio. Tampouco se pode esquecer que algunhas destas mulleres puideron terse referido á sedución masculina con palabras dun suposto compromiso matrimonial como forma de xustificar a súa participación activa nunha sexualidade á marxe do matrimonio non ben vista.

Sexa como for, son varios os casos nos que se fai referencia á sedución por “palabras ou promesas de casamento”. Sucede en nove dos vinte e sete expedientes. Entre eles podemos referir casos como o de Ramona Gómez, do Reboledo, quen di que *la sedució con palabras de casamiento y vajo ellas a él se sujetó*; o de Tomasa Pérez, de Mouruás, que indica que *su dañante fue Lucas Quintela del Reboledo, quien la sedució con palabras de casamiento*; ou o de María Álvarez, que *se sujetó vajo palabras de casamiento a Francisco González*.

De todos modos, algunhas promesas matrimoniais poderían estar só na espera de poder ser cumpridas. Esa parece ser a situación de Ana Rodríguez, moza viúva do Aciveiro, que sinala que foi *su dañante Domingo Fernández, mozo soltero, y vecino de San Pedro del Vurgo, a quien se sujetó bajo palabras de casamiento, al que hallándose presente dijo ser cierto (...) con quien estaba a cumplir, y casarse, lo que no podía hacer por lo de ahora, en cuanto no quita la licencia de sus jefes, mediante es soldado do corpo de reserva*.

Noutra ocasión menciónase a sedución aínda que sen figurar ningunha promesa de casamento. Dominga Álvarez, aínda que non sabía con certeza se estaba embarazada, recoñece que *ha tenido a[c]ceso carnal con Andrés González, del mismo pueblo, uns tres meses atrás, porque la sedució con palabras amorosas, mais non di nada de que lle prometera casamento*.

En catro casos os porqués que declaran as “espontáneas” resultan especialmente interesantes. Sen dúbida enriquecen o tema ao incorporar unha realidade na que non sempre se pensa: o desexo feminino. Vicenta Núñez do Aciveiro sinala que foi *José Carlos Álvarez, vecino del pueblo de Cerdeyra, quien la gozó solamente con el gusto de apagar el apetito de entrambos*. Claramente aparece o desexo sexual, que non figura restrinxido ao home, senón que se identifica como unha realidade compartida por ambos, *entrambos*. En todo caso, e talvez de forma moi significativa, dito informe continúa do seguinte xeito: *dicho Señor [Alcalde] vista la espresa voluntad de manifestar su delito...* Ademais do caso citado, Catalina Álvarez declarou que *su dañante fue Juan Álvarez (...) al que se sujetó por el mero apetito del cuerpo*; Antonia González dixo que quedou embarazada de Santos de las Fuentes, *a quien se sujetó por un deleite carnal*; e Cecilia Diéguez comunicou que *su dañante fue Ramón Álvarez de las Cortes, a quien se sujetó vajo un apetito carnal*. Este tipo de declaracións, que mostran claramente o desexo como motivación principal para manter relacións sexuais á marxe do

matrimonio, debe facernos pensar na necesidade de non valorar as sociedades do pasado só polos seus discursos teóricos –relixiosos ou non relixiosos–, senón polo seu día a día; por unha vida cotiá na que a sociedade se mostraría práctica e consciente de que unha cousa eran as normas e comportamentos desexables e outra a realidade vivida. Neste sentido, máis alá dos discursos legais e morais contra a sexualidade feminina e, sobre todo, contra unha sexualidade non enmarcada dentro do matrimonio, comportamentos deste tipo posiblemente eran plenamente aceptados e incluso valorados como normais. Outra cousa é que non foran considerados como especialmente desexables.

Pero seguindo cos expedientes, cómpre falar doutras declaracións e doutros motivos expresados polas “espontáneas”. Nun caso fálasenos dunha amizade que, como sabemos, é un termo que pode resultar moi ambiguo. Manuela Pérez, veciña de Val de Miotos, declarou que *se sujetó vajo una amistad entablada ya hace algún tiempo*. Algo máis que unha amizade? Parece sospeitarse que si. Noutro caso, a “espontaneada” decidiu calar o motivo, pero aproveitou para negar claramente a existencia dunha promesa de matrimonio. Así o fixo Antonia Durán, quen afirmou que *ela jamas le dio palabra de enlazarse o casarse con él, ni menos tiene voluntad de hacerlo hoy día*. Noutro expediente maniféstase expresamente a vontade de non declarar o motivo. Así, Benita Rodríguez respondeu a outras preguntas pero *sin que quiera manifestar su dañante y por qué causa se sujetó a él*.

Fronte aos casos anteriores, en sete dos vinte e sete expedientes gárdase silencio e non se fai referencia ao motivo polo que mantiveron ou aceptaron manter relacións sexuais extraconxugais.

Como xa indiquei anteriormente, despois de que as “espontáneas” declararan sobre os seus ventres avultados, a autoridade municipal procedía a poñelas baixo a supervisión doutras persoas co obxectivo de ser “celadas, coidadas e vixiadas” *a fin de que no eche[n] acaso a perder la prole que en su vientre abriga*. O máis habitual é que os elixidos foran os proxenitores destas mulleres. En nove casos, os elixidos foron os pais, como sucede con Rosa Álvarez, por exemplo, depositada en poder de seu pai don José María Álvarez. En sete, pola contra, as elixidas foron as mais. Talvez viúvas ou incluso algunha delas mai solteira? O certo é que, cando figuran estas, nunca aparece nomeado o pai. Feliciano Caneda, por exemplo, foi entregada á súa mai Juliana Fernández e, no caso de Rosa Pérez, de Lampaza, a súa titora sería a mai, María José Pérez, pero quedando como fiadores os seus veciños Eugenio Quintela e Domingo Blanco, quen, de estar a mai enferma, deberían asumir a responsabilidade plena de vixiar o comportamento de Rosa.

No apartado doutros familiares hai que sinalar dous casos nos que os elixidos foron os irmáns das “espontáneas”: Domingo González, no caso de Antonia González, de Acevido, e José Núñez, no de Vicenta Núñez, do Aciveiro. Nunha ocasión, o vínculo de parentesco é de primos irmáns. Así, Cecilia Diéguez quedou baixo a responsabilidade do seu curmán Francisco Diéguez.

En cinco casos son os veciños os que reciben o encargo. Vémoslo, por exemplo, con Catalina Álvarez, que acordan *depositarla en poder de Martín González y Ramón Domínguez, vecinos del citado Vilariño*; Ana Rodríguez, do Aciveiro, quedou baixo a responsabilidade do seu veciño Pedro Sabín; e Ramona Gómez, do Reboledo, baixo Domingo Feijoo.

Finalmente, cómpre sinalar que no caso de Francisca Álvarez, do Reboledo, a “espontaneada” quedou en poder da súa *ama*, Rosa Arias, dos Abeledos; e en dous, baixo persoas cuxo vínculo coas embarazadas non aparece recollido nos documentos.

Antes de rematarmos estas páxinas, convén facer unhas breves consideracións sobre as testemuñas que figuran ao final dos expedientes. Acompañando ao alcalde e ao secretario de Río figuran diversos veciños do Concello cos seus nomes, apelidos e lugares de procedencia. Entre os lugares dos que son naturais están, por exemplo, Valados, A Teixeira (As Cabanas), A Cerniza, Domecelle, Toutelle, Freixo, Río, Acevido de Argas, A Pousa, Medos, San Silvestre, O Xunqueado, Cerdeira, Vilardá, Mouruás, San Xurxo, Sabugueiro, Aciveiro, Lampaza, O Pereiro, etc.

As testemuñas presentes debían asinar os documentos, mais, en ocasións, algúns tamén actuaron *como testigo y a ruego* dos homes ou mulleres que foran elixidos para velar ou celar ás “espontaneadas”, pois varias destas persoas non sabían asinar. Este tipo de informacións son datos moi valiosos para coñecer as taxas de alfabetización existentes na Galicia do século XIX. A pesar dos avances que tiveron lugar en dito século respecto da alfabetización dos galegos e galegas, cómpre recoñecer que ningunha das mais que recibiron o encargo de vixiar ás súas fillas chegaron a asinar *por no saber hacerlo*. Por iso, no caso da mai de Feliciano Caneda, *por la Juliana decir no saber lo ace a su ruego uno de ellos* [dos homes que actuaban como testemuñas]. Pola contra, no caso dos homes, aínda que é certo que algún como Francisco Vázquez, veciño e responsable de Margarita Fernández, de Domecelle, *por el Francisco Vázquez decir no saber, hácelo uno de los testigos a su ruego*, algúns si que asinaron. Así o fixo Domingo Pérez, pai de Margarita de Val de Miotos. Outra cousa é ver a diferente destreza coa que asinaban uns e outros. Evidentemente a sinatura do secretario Juan José Venancio Pérez destaca pola súa perfección. Pola contra, nalgún outro caso é posible pensar que pouco máis facían que debuxar unha sinatura aprendida de memoria. Pero, saberían ler e escribir con soltura?

En todo caso, estas sinaturas poñen punto e final a uns expedientes que, máis alá dos detalles concretos que nos ofrecen sobre estas mulleres de San Xoán de Río, evidencian a existencia dunha sexualidade extraconxugal na que coexistían situacións posiblemente dramáticas con outras que parecen ter sido froito da existencia dunhas marxes de liberdade feminina que, a pesar das tentativas de control por parte das autoridades, é posible que non fosen tan estreitas como ás veces cremos cando falamos do pasado.

## Algunhas consideracións finais

Despois desta primeira achega á historia de San Xoán de Río, non cabe senón concluír que é preciso seguir avanzando na recuperación da mesma. Os temas que podemos abordar son moitos. Porén, nesta ocasión decidimos comezar por un capítulo moitas veces esquecido: a historia das mulleres. Concretamente falamos dos expedientes das “espontáneas” de San Xoán de Río, os cales constitúen unha fonte excepcional e moi rica para avanzar no coñecemento non só da historia das mulleres, senón tamén da historia da sexualidade extraconxugal e da ilexitimidade, máxime nun momento como é o século XIX que se sitúa entre as continuidades e cambios respecto do Antigo Réxime e no que se observa, claramente, a confrontación existente entre o imaxinario colectivo ou a normativa, e realidade ou as prácticas sociais.

Se por unha banda resulta evidente que as “espontáneas” viviron nun contexto no que estaba en vigor unha moralidade pública na que a Igrexa seguía tendo unha notable influencia a pesar de ir perdendo peso progresivamente e na que o Estado liberal mostraba claramente a súa tentativa de seguir controlando o corpo das mulleres de cara a evitar o aborto e conter o problema social dos expósitos, o que mostra unha lectura pausada das fontes documentais é que estamos ante unha realidade social complexa. Nesta, xunto á violencia e os enganos que sufriron as mulleres –como se observa nos casos de violacións ou de seducións con falsas promesas de matrimonio que legalmente os homes xa non estarían obrigados a “reparar”–, constátase a existencia de marxes de liberdade e de clara aceptación dunha sexualidade feminina que, desde logo, ía máis alá do matrimonio e que chegou a autoxustificarse nalgúns casos no simple desexo de apagar o *apetito carnal*, como puidemos ver nalgún dos casos citados.

Ao fin e ao cabo, convén recordar que converterse en mai solteira podía chegar a ser mal visto pola sociedade da época, pero, ás veces, esta mostrábase comprensiva e podía velo como un “pecadiño” menor e aceptable, ou incluso como unha estratexia de planificación familiar ante as dificultades propias dunha vellez que, para as mulleres soas, podía verse paliada coa axuda dalgún fillo, aínda que nacera fóra de “lexítimo” matrimonio.

En todo caso, sirvan estas páxinas como homenaxe a todas esas mulleres de San Xoán de Río que, ao longo da nosa historia, tiveron que loitar contra a opresión e os abusos, pero que tamén souberon aproveitar e crear unhas significativas marxes de liberdade persoal ao mesmo tempo que participaron activamente na sociedade das súas respectivas épocas históricas.

Seguiremos “historiando”...



## Breve selección documental

### Doc. 1

1847, abril, 11. San Xoán de Río.

*Espontaneo de Vicenta Núñez.*

Arquivo do Concello de San Xoán de Río, Caixa 372, Carp. “Curiosidades non clasificadas” (1845-2000), «Expediente das espontáneas», s. f.

Ed. Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ, “Los expedientes de las «espontáneas» de San Xoán de Río: nuevas fuentes para la historia de las mujeres gallegas del siglo XIX” (no prelo), doc. 3.

En el lugar y Ayuntamiento de San Juan de Río, a once días del mes de abril del año de mil ochocientos corenta (*sic*) y siete, ante don Pedro González, alcalde de dicho Ayuntamiento, y a presencia de mí, el infraescrito Secretario de Ayuntamiento, se presentó Vicenta Núñez del Acibeyro, de la parroquia de Cerdeira, de esta Alcaldía, quien me manifestó voluntariamente [que] se hallaba enbarazada, y preguntada de qué tiempo, como si quería manifestar su dañante, responde que se halla enbarazada sobre poco más o menos del tiempo de seis meses, que su dañante fue José Carlos Álvarez, vecino del pueblo de Cerdeyra, quien la gozó solamente con el gusto de apagar el apetito de entrambos. Dicho Señor, vista la espresa voluntad de manifestar su delito, y la buena fe con que se presentó al espontanearse, se la entregó a su hermano en legal forma para que de ella cele, cuide y vigile a fin de que no eche acaso a perder la prole que en su vientre abriga. Y hallándose presente José Núñez, su hermano, dice ace[p]ta dicho cargo, obligándose con su persona y vienes a celarla, y cuidarla, según el cargo que le queda echo. Firma con el Señor Alcalde y testigos presenciales que lo fueron: Pedro Pérez, de la Cerniza, José Alonso, del Acibeiro y Domingo Blanco, de Lampaza; de todo lo cual certifico como Secretario #

(*Sinaturas:*) Pedro Pérez, José Alonso, Pedro González, Domingo Blanco.

### Doc. 2

1848, febrero, 10. San Xoán de Río.

*Espontaneo de Francisca Vázquez de As Guístolas.*

Arquivo do Concello de San Xoán de Río, Caixa 372, Carp. “Curiosidades non clasificadas” (1845-2000), «Expediente das espontáneas», s. f.

Ed. Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ, “Los expedientes de las «espontáneas» de San Xoán de Río: nuevas fuentes para la historia de las mujeres gallegas del siglo XIX” (no prelo), doc. 6.

En el Ayuntamiento Constitucional de San Juan de Río, a diez días del mes de febrero del año de mil ochocientos corenta (*sic*) y ocho, ante don José González, alcalde constitucional de esta población, y don Juan José Venancio Pérez, secretario de Ayuntamiento, compareció Francisca Vázquez, moza soltera y vecina de las Guístolas, de la parroquia que da nombre a este Ayuntamiento, quien, vajo juramento que se le exivió (*sic*) y puesto en legal forma, declara sobre las preguntas siguientes. Y preguntada si es cierto que se halla enbarazada, declara que no se halla en tal estado.

Y preguntada cuál es la causa de tener un vientre tan crecido, declara que va a hacer un año que le andaba su regla y, habiendo comido un poco de pulpo en este estado, se le detubo, y aun no le volvió hasta hoy día; y esta es la causa de su grande vientre. Dicho Señor, vista la negativa, y desco[n]fiando de tal vientre, acordó, dado caso que no sea cierto lo que espone, depositarla, y entregarla a su madre Josefa Rodríguez, quien hallándose presente se le hizo formar (*sic*) entrega de su hija, a fin de que, vajo su persona e intereses, cele, vigile y repare de su hija, a fin de que no eche a perder la prole, si acaso la abriga en su vientre, y para que de ocho en ocho días se presente ante dicho Señor Alcalde para los fines que puedan sobrevinir (*sic*); a todo lo que se constituyó con su persona, muebles y raíces, renunciando [a] todas cuantas leyes y derechos le puedan favorecer. Siendo testigos de todo ello don José Álvarez, don José González y Pedro Pérez, todos vecinos de esta Alcaldía, quienes firman, y, por ellas decir no saver, hácenlo a sus ruegos dos de ellos con el Señor Alcalde; de que certifico, como *Secretario* #

(*Sinaturas:*) José González; como testigo y a ruego de una de (...), José Álvarez, José González; como testigo y a ruego de Josefa Rodríguez, Josefa Rodríguez, dicho Pedro Pérez, Juan José Venancio Pérez, *secretario*.

Doc. 3

1848, junio, 11. Mouruás.

*Espontaneo de Tomasa Pérez.*

Arquivo do Concello de San Xoán de Río, Caixa 372, Carp. "Curiosidades non clasificadas" (1845-2000), «Expediente das espontáneas», s. f.

Ed. Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ, "Los expedientes de las «espontáneas» de San Xoán de Río: nuevas fuentes para la historia de las mujeres gallegas del siglo XIX" (no prelo), doc. 8.

En el lugar de Mouruás del Ayuntamiento Constitucional de San Juan de Río, a once días de junio de mil ochocientos corenta (*sic*) y ocho, el Señor Alcalde de esta población, don José González, teniendo a su presencia a Tomasa Pérez, moza soltera y vezina del referido Mouruás, a presencia de mí, el infraescrito *Secretario*, le exigió juramento en legal forma de decir verdad sobre lo que sepa y fuere preguntada. Y preguntada si se halla enbarazada, de qué tiempo y cuál fue su dañante y con qué palabras la sedució, declara que es cierto que se halla enbarazada del tiempo sobre poco más o menos de cuatro meses, que su dañante fue Lucas Quintela del Reboledo, quien la sedució con palabras de casamiento. Dicho Señor Alcalde, vista la declaración afirmativa de la sobredicha y la buena intención de ella, trató de depositarla en casa y poder de su padre, Francisco Pérez, con quien habita, para que la cele, vigile y cuide, a fin de que no eche a perder la prole que en su vientre abriga. Presente dicho Francisco, su padre, después de enterado [de] los cargos que se les hacen, dice ace[p]ta dicho depósito al que se obliga con todos sus vienes habidos y por haber, así como de complimentar todo cuanto se le previene, renunciando, como renunció, [a] todos cuantos derechos le puedan favorecer sobre el particular. Siendo a todos ellos

presentes Julián Vázquez y Matias Pérez, del mismo pueblo, con el Señor Alcalde; de que certifico #

(Sinaturas:) José González, Matías Pérez, Julián Vázquez.

Doc. 4

1852, enero, 22. O Campo (San Xoán de Río).

*Espontaneo de dona Manuela Caneda.*

Arquivo do Concello de San Xoán de Río, Caixa 372, Carp. “Curiosidades non clasificadas” (1845-2000), «Expediente das espontáneas», s. f.

Ed. Miguel GARCÍA-FERNÁNDEZ, “Los expedientes de las «espontáneas» de San Xoán de Río: nuevas fuentes para la historia de las mujeres gallegas del siglo XIX” (no prelo), doc. 17.

En el Campo de *San Juan de Río*, a veinte y dos días del mes de enero de mil ochocientos cincuenta y dos, ante el Señor Alcalde, don Pedro González, se presentó doña Manuela Canedo, vecina de Outeiro, de *San Juan de Argas* de esta alcaldía, moza soltera, y habiéndole exigido juramento en [legal] forma por ante el infrascrito Secretario, a tenor de las preguntas siguientes. Preguntada si es cierto que se halla embarazada y, si lo es, de qué tiempo, cuál fue su dañante y vajo qué supuesto se sujetó a él, declara que es cierto que se halla embarazada del tiempo de cuatro meses sobre poco más o menos, [y] que su dañante fue José Rodríguez de Casdelope, a quien se sujetó vajo palabras de casamiento. El Señor Alcalde, en atención de la afirmativa de la declarante, y con el fin de evitar cualquier fraude y de que no eche a perder la prole que en su vientre abriga, acordó depositarla en poder de su padre, Manuel Vázquez, para que la cele, cuide y vigile, quien, hallándose presente, fue enterado del riesgo que se espone y del cargo que se le impone, haciéndole formal entrega de Manuela, su hija, de la que se constituyó con su persona y bienes, y [se] obligó a responder de ella renunciando, como renunció, [a] todo derecho de su favor y se sometió a los tribunales de la Nación. Siendo testigos de todo ello José Rodríguez, de Toutelle, y Ramón Vlanco, de Freijo, quienes firman con el Señor Alcalde y no el Vázquez porque dijo no saver; de que certifico.

(Sinaturas:) Pedro González, Ramón Blanco, José Pérez, Juan José Venancio Pérez, secretario.

## Bibliografía básica

DUBERT, Isidro, «Ilegitimidad, matrimonio y mercados de trabajo femeninos en la Galicia interior, 1570-1899», *Obradoiro de Historia Moderna*, 24 (2015), pp. 49-86.

GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel, «As espontáneas de San Xoán de Río. Sexualidade extraconxugal e tentativas de control municipal das mulleres no século XIX», *Álbum de mulleres*, Consello da Cultura Galega, 2016. Disponible na páxina web: <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1044> [Última consulta: 12 de agosto de 2018].

GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel, «Los expedientes de las “espontáneas” de San Xoán de Río: nuevas fuentes para la historia de las mujeres gallegas del siglo XIX» (no prelo).

REY CASTELAO, Ofelia e RIAL GARCÍA, Serrana, *Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna*, Santiago de Compostela, Nigra Trea, Xunta de Galicia, 2010.

RIAL GARCÍA, Serrana, «Mulleres e desorde social», en M.<sup>a</sup> Xosé Rodríguez Galdo (coord.), *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999, pp. 359-368.

ROMERO MASIÁ, Ana María, *Entre a protección e o control. As espontaneadas da Coruña e Ferrol (1750-1800)*, A Coruña, Instituto de Estudos Coruñeses «José Cornide», 2017.

## O autor

MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ, nacido nas Guístolas (1988), é licenciado en Historia, coas especialidades de Historia medieval e Historia moderna (2011) e con grado (2012), así como *magister* en Estudos Medievais Europeos (2012), pola Universidade de Santiago de Compostela. Premio extraordinario de licenciatura e máster, foi bolseiro e contratado FPU no Departamento de Historia Medieval e Moderna da Universidade de Santiago de Compostela (2012-2016), investigador contratado no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC (2017) e, posteriormente, bolseiro do *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA) no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

As súas investigacións céntranse na historia social das mulleres e está realizando a súa tese de doutoramento sobre *A posición das mulleres na sociedade medieval. Unha análise da práctica testamentaria na Galicia dos séculos XII ao XV*. Ademais, realizou estadias de investigación no *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* – Madrid e Santiago de Compostela–, no Instituto de Estudos Medievais da Universidade Nova de Lisboa e na *University of Exeter*. Ten formado parte de diversos proxectos de investigación na Universidade de Santiago de Compostela e no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, e participado na organización de varios seminarios, sesións científicas e congresos.

Así mesmo, asistiu a diferentes encontros nacionais e internacionais e publicou diversos traballos relacionados coas súas investigacións. Entre os máis recentes destacan: “Vivir y morir en femenino en la Galicia de los siglos XIV y XV” (2017); “Investigando as marxes e expresións de liberdade feminina na Idade Media: voces e actuacións de mulleres ante os «malos casamentos»” (2017); “Las últimas voluntades como expresión de la voz femenina en la Edad Media. Dos nuevas aportaciones al «Corpus testamentario de la Galicia medieval»” (2017); ou “¿Libertinaje o libertad? Rompiendo la(s) Regla(s) en los monasterios de monjas benedictinas de la Galicia bajomedieval” (2016). Tamén convén citar “La proyección del monasterio femenino de San Salvador de Sobrado de Trives sobre su entorno: relaciones sociales, económicas y de poder” (2013).

Máis información en: [www.miguelgarciafernandez.weebly.com](http://www.miguelgarciafernandez.weebly.com)

Contacto: [miguelgarciafernandez88@gmail.com](mailto:miguelgarciafernandez88@gmail.com)

Colaboran:

**Asociación Cultural RioMola**  
**Concello de San Xoán de Río**